

GALEGO

1. Ordena as sílabas para formar palabras.

der no ca

chi mo la

de na or dor

xo to es

soi te ras

to na car li

2. Ordena as palabras para formar oracións.

colexio moi é O luminoso noso .

hai moitos biblioteca Na . libros

3. Le o texto con atención e despois responde ás preguntas.

O acivro é unha árbore de follas verdes. As súas flores son pequenas e de cor amarela. Delas nacen uns froitos redondos e vermellos.

Hai uns anos as ramas do acivro empregábanse como adorno do Nadal. Pero actualmente o seu uso está prohibido, porque é unha planta protexida.

 **Cantas oracións hai no texto?**

 **Cantos parágrafos ten?**

4. Une para ordenar os parágrafos.

É difícil vela pousada na terra, normalmente voa a rentes do chan a grande velocidade para pillar insectos

1º Como se pode identificar?

Fai o niño na parte superior das paredes, xunto ás madeiras do teito, con pallas e herbas mesturadas con lama deixando un oco pola parte superior

2º Pódese ver pousada na terra?

É fácil de identificar polas súas cores: azul escura a parte superior do corpo, a inferior branca e a testa e a gorxa vermellas. Ten o rabo longo rematado en dúas afiadas puntas

3º Como fai o seu niño?

5º Sabes de que paxaro fala o texto?